

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

A Federación do ensino de CCOO, FETE-UGT, ANPE, STEG e CSIF, todas elas organizacións asinantes coa Consellería de Educación e O. U. do acordo sobre agrupamentos do alumnado de Educación Infantil e Primaria para os efectos de constitución de unidades, comunican á Consellería:

- Que tal como se establece no artigo décimo cuarto a creación das novas unidades de infantil e primaria, derivadas da aplicación do acordo realizárase progresiva e proporcionalmente nos cursos académicos 2009/10 e 2010/11. O 50% xa foi creado neste curso, pero o restante 50% debe crearse para o vindeiro curso.
- Que no artigo décimo quinto, establécese que se constitúe unha comisión de seguimento que se reunirá por solicitude de calquera das partes, e como mínimo no mes de maio, con carácter previo a que a Consellería elabore a proposta de unidades para o seguinte curso académico.

Polo anterior

SOLICITAMOS A REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO en cumprimento do artigo décimo quinto co obxecto de analizar as unidades que deben crearse como consecuencia do acordo para o curso 2010/11

Santiago a 29 de abril de 2010

